

Sr. Alcalde – Presidente

Santiago de Compostela, a 22 de xaneiro de 2015

Estimado alcalde,

Diríxome a vostede para darlle conta das cartas que as sociedades de autores, encabezadas por Cedro para a xestión dos dereitos de autor no capítulo do préstamo de libros e material audiovisual nas bibliotecas públicas dos concellos de máis de 5.000 habitantes e deputacións provinciais, están enviando neste momento a eses municipios e ás deputacións.

Nesa misiva lembran que o Real Decreto 624/2014 mudou o sistema de cálculo deses dereitos (agora se calcula por obras adquiridas para préstamo máis número de usuarios do servizo de biblioteca que o empregaran), pero ao tempo indica que está pendente o pagamento da remuneración por eses dereitos de autor correspondente aos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.

Despois dos contactos da Fegamp coa Femp e coa Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, e tras o acordo da nosa Comisión Executiva celebrada o pasado 21 de xaneiro de 2015, suxerimos aos concellos que non aboem ningunha desas contías reclamadas polas sociedades de autores, ata que non se fixe unha postura ou prezo común (como demanda o Goberno galego), polas dúbidas que xenera esa retroactividade ás asesorías xurídicas de Fegamp, Femp e Xunta de Galicia.

Agardamos tamén o que suceda no pleno do Consello de Cooperación Bibliotecaria, que vai ter lugar en Navarra, no próximo mes de febreiro, e no que participarán a Femp e o Ministerio de Cultura.

Por outra banda, a Fegamp lémbrralle que é convinte que cada concello analice a súa situación actual canto aos dereitos reprográficos, toda vez que algúns municipios si decidiron asinar coas sociedades de autores un convenio para o pagamento deles e o está facendo efectivo na actualidade.

Compre considerar que eses dereitos xa son aboados polos concellos cando adquiren unha máquina fotocopidora, e que ademais, a Lei contempla que o 20% de cada libro está libre deses dereitos.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.



José Manuel Rey Varela
Presidente da Fegamp